

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Masaguer, Francisco
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés

Akhtar, Tafseer
Arriba Pérez, Francisco de
Fondo Ferreiro, Pablo
García Méndez, Silvia
Liz Domínguez, Martín

Estévez Caldas, Alberto
López Escobar, Juan José
Pacheco Lorenzo, Moisés
Pérez Vaz, Rubén

Gesto Gayoso, Anxo
González González, Jaime
Rúa Estévez, José Manuel

ESCUSAN ASISTENCIA

García Duque, Jorge
González Castaño, Francisco J.
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Sousa Vieira, Estela

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 7 de marzo de 2024, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O 7 de marzo de 2024 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non tendo recibido alegacións, queda aprobada a acta do día 11 de xaneiro de 2024.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- Parabens o novo catedrático, o profesor Martín López Nores.
- Na comisión permanente do 25 de xaneiro aprobáronse os informes favorables para a prestacións de servizos polos profesores Felipe Gil Castiñeira e Francisco Javier González Castaño na *spin-off* Ancora Mobile S.L., así como a produción de investigación e transferencia 2022.
- O estado de traballo na modificación das titulación do centro, cunha proposta de 6 materias optativas (2 de mención e 4 transversais) do departamento no GETT, e 8 materias no MET.
- Estado da execución do punto 3 do consello anterior, tras o que se abre debate sobre a interpretación do mesmo, convido en levar punto o respecto ó seguinte Consello de Departamento.

3. Actualización, se procede, da vacante na Comisión Permanente do departamento.

Apróbase, por asentimento, que o profesor Alberto Gil Solla cubra a vacante.

4. Aprobación, se procede, dun permiso de máis de 15 días solicitado pola profesora Ana Fernández Vilas.

Apróbase, por asentimento, o devandito permiso.

5. Posicionamento do DET ante a posibilidade de solicitar unha praza de profesor para o noso Departamento na inminente convocatoria de prazas de profesorado da Universidade de Vigo.

O Director informa da evolución da información oficiosa recibida, estando a día de hoxe o Departamento na posición 69 na orden de asignación de solicitudes segundo os criterios que se van aplicar, e sendo 60 o número delas que se estima sexan cubertas.

O profesor Martín López Nores informa de que a última variación, onde o DET conta con 3 prazas no programa triannual, ven sido

producida por corrección de erros nas actualizacións en Xescampus. Tamén comenta que o límite de solicitudes é de 3 por área docente e ano.

O director propón retirar o punto ante a información recibida de que non hai posibilidade realista de que o DET teña algunha praza para a seguinte convocatoria. A profesora Rebeca Díaz Redondo propón que se solicite a praza xa dado que non é imposible que se poida ter acceso a unha. Ábrese o debate sobre o tipo de praza a pedir de entre as posibles e proponse a de Axudante Doutor.

O Director propón:

Solicitar unha praza exclusivamente para o seguinte concurso de profesorado a aprobar no vindeiro Consello de Goberno e iniciar o debate sobre como repartir no tempo e na tipoloxía as prazas que lle corresponden ó departamento. No caso de que fose aprobada esta praza o debate se cinguiría ás outras dúas; en caso de que non se aprobase xa para o seguinte concurso de profesorado, debateríase sobre as tres prazas, quedando sempre pendente de aprobación en Consello de Departamento a petición completa para o contrato programa de tres anos.

Apróbase, por asentimento, a proposta.

6. Rogos e preguntas.

A profesora Rebeca Díaz Redondo solicita que os debates ó respecto das prazas do Contrato Programa sexan de forma aberta no total do Departamento e non como ate o momento.

O profesor Manuel Fernández Veiga protesta pola actitude do Director ante a solicitude de información, sen responder as mensaxes de correo electrónico e, finalmente, facéndoo de malas formas. A profesora Rebeca Díaz Redondo se une á protesta.

O Director explica a mellor eficacia ó seu parecer de informar ós representantes dos grupos de investigación tendo en conta a variabilidade da oficiosa información recibida, considerando que tivo funcionado ben en 4 dos 5 grupos de investigación. Ademais, unha vez convocada a xuntanza informativa na franxa de maior potencial asistencia, só 6 dos 12 que a marcaran finalmente acudiron. O Director reitera as súas desculpas polo tono das mensaxes de correo electrónico ó profesor Manuel Fernández Veiga.

O Dr. Enx. Francisco de Arriba Pérez pregunta por qué non se solicitan xa tres prazas de Axudante Doutor en vez dunha, tralo que se abre un debate ó respecto onde varios membros do Departamento consideran que se deberían solicitar as tres que lle corresponden ó Departamento do contrato programa.

A profesora Ana Fernández Vilas roga se convoque ó Consello do Departamento para debater o aumento do número de prazas solicitadas polo DET para o seguinte Consello de Goberno.

O profesor Alberto Gil Solla roga se convoque ó Consello para debater o punto das devanditas prazas desde cero.

O profesor Martín Llamas Nistal adhírese ó rogo de reunións abertas da profesora Rebeca Díaz Redondo, engadindo que sexan no horario reservado ó respecto. Tamén solicita a reforma da Comisión Permanente nas súas funcións, para debatir nela determinados temas, e composición.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:05 do día 7 de marzo de 2024, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González